



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

---Documento: **ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 23 DE NOVIEMBRE DE 2009.**

---Contrato: **SUBMINISTROS DE "RETROEXCAVADORA CON ACOPLA PARA MINICARGADORA DE RODAS CON CAZOESTÁNDAR E JOYESTIKS HIDRÁULICO".**

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: **26 DE NOVIEMBRE DE 2009**

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Medio Rural e Turismo relativa á adxudicación provisional do contrato de subministros de "Retroexcavadora con acople para minicargadora de rodas con cazoestándar e joyestiks hidráulico".

Visto o expediente tramitado, de contratación subministros de "Retroexcavadora con acople para minicargadora de rodas con cazoestándar e joyestiks hidráulico".

Visto que dentro do prazo, presentaron solicitude de participación ás empresas Agroestrada, S.L. e Tecmaga.

Vista a documentación administrativa aportada polos licitadores.

Vistas as ofertas realizadas polo licitadores.

Visto o informe do Arquitecto Técnico municipal, requirido aos efectos de valorar as proposicións en canto aos criterios susceptibles de xuízo de valor e de valoración automática, emitido en data 06-11-09.

Requirido ás dúas empresas licitadoras a aclaración expresa de compatibilidade cos tractores municipais e ofrecemento de peza especial de acople –indicada no informe do ATM-.

Vistas as manifestacións das dúas empresas licitadoras, negativa no caso de TECMAGA e positiva –compatibilidade e subministro de peza de acople- de AGROESTRADA, S.L.

Visto o informe da Intervención municipal de data 11-11-09.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1, da Lei 30/2007, e Decreto de delegación de 21-06-07.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes Acordos:

1º.- Adxudicar provisionalmente o contrato de subministros de "RETROEXCAVADORA CON ACOPLA PARA MINICARGADORA DE RODAS CON CAZOESTÁNDAR E JOYESTIKS HIDRÁULICO", por importe de 35.960,00 euros, a AGROESTRADA, S.L., con arranxo aos Pregos e á súa oferta.

2º.- A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe/s correspondentes, no ámbito municipal, provisional ou nacional.
- Informe da Tesourería municipal de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias para o Concello.
- Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

3º.- Notifíquese o presente Acordo aos licitadores e publíquese a adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

A Estrada 26 de novembro de 2009.
O ALCALDE,

Asdo. José A. Dono López.